

19 DE XANEIRO DE 2011

IGADIPaper é un medio de análise e información do IGADI que aspira a afondar de forma equilibrada e sintética nalgún conflito, acontecemento ou tendencia internacional de relevancia e actualidade".

PORTUGAL: ELECCIONES PRESIDENCIAIS E CRISE ECONÓMICA

- a) **Introdución**
- b) **Todos contra Cavaco**
- c) **O escándalo BPN**
- c) **A crise económica de 2011**

a) *Introdución*

Enmarcado nun contexto de presión por parte da Unión Europea e dos mercados financeiros internacionais cara o desempeño económico portugués e baixo un clima de escasa expectación social, o próximo 23 de xaneiro de 2011 están convocadas as eleccións presidenciais para a República Portuguesa, na que acude á reelección o actual mandatario **Aníbal Cavaco Silva**, do Partido Social Demócrata (PSD), de centro-dereita.

Nestes comicios, un total de 9,6 millóns de cidadáns portugueses deberán elixir entre seis candidatos que, segundo a Constitución portuguesa, deberán superar o 50% mais un voto para vencer en primeira volta. Desde 1974, caída da ditadura salazarista e coa transición democrática, os tres presidentes da República portuguesa foron reelixidos, cando menos, unha vez, un aspecto que incrementa as perspectivas de reelección para Cavaco Silva, electo en 2006. De ser este o caso, daríase continuidade á cohabitación

política entre unha presidencia conservadora e un goberno socialista baixo o mando do primeiro ministro **José Sócrates**.

O principal rival de Cavaco Silva é o candidato socialista **Manuel Alegre**, quen tentará reducir a vantaxe do actual presidente para afrontar unha segunda volta electoral. As recentes enquisas amosan unha clara superioridade para Cavaco Silva (53,1%) en relación con Alegre (29,7%).

A campaña electoral presidencial atópase polemizada polo escándalo de presunto tráfico de influencias de Cavaco Silva, acusado de beneficiarse en 2001 dunha compra de accións da sociedade propietaria Banco Português de Negocios (BPN). En 2008, o BNP foi intervido polo Estado ante o risco de creba técnica, levando á prisión ao seu ex presidente **José de Oliveira e Costa**, quen anteriormente fora secretario de Estado de Asuntos Fiscais no primeiro goberno de Cavaco Silva (2006-2011).

b) *Todos contra Cavaco*

Con claras perspectivas de reelección, o actual presidente portugués Aníbal Cavaco Silva afronta con certa comodidade os comicios presidenciais do próximo domingo 23 de xaneiro. Esta sensación semella practicamente consolidada dentro do escenario político portugués, só levemente alterada ante a eventual posibilidade dunha segunda volta electoral, onde Cavaco Silva enfrontaríase hipoteticamente ao seu rival e histórico líder socialista Manuel Alegre.

Para legalizar as súas respectivas candidaturas presidenciais, cada candidato debeu reunir entre 7.500 e 15.000 sinaturas no Tribunal Constitucional (TC), que finalmente admitiu o pasado 29 de decembro de 2010 as seguintes candidaturas:

- **Aníbal Cavaco Silva** (71 anos): apoiado por Partido Social Demócrata (PSD), o Centro Democrático Social-Partido Popular (CDS-PP) e o Movimento Esperança Portugal;
- **Manuel Alegre** (74 anos): Partido Socialista (PS), Bloco de Esquerda (BE) e Partido Democrático do Atlántico (PDA);

- **Defensor Moura** (65 anos): independente, aínda que é membro e deputado polo Partido Socialista;
- **Francisco Lopes** (55 anos): Partido Comunista Português (PCP) e Partido Ecologista “Os Verdes”;
- **José Manuel Coelho** (58 anos): Partido da Nova Democracia (PND). Actualmente deputado por Madeira;
- **Fernando Nobre** (59 anos): independente. Presidente da Assitência Médica Internacional (AMI).

As sondaxes das principais enquisas portuguesas (Aximage, Intercampus, Eurosondagem, Markttest, Universidade Católica e Euroexpansão) amosan un claro favoritismo para a reelección de Cavaco Silva. Entre o 19 de decembro de 2010 e o 15 de xaneiro de 2011, a tendencia favorable a Cavaco Silva practicamente duplicaba a do seu rival socialista. Como media, Cavaco Silva transita entre o 53-55% de intención de voto, por 29-30% do seu rival Manuel Alegre.

A aposta de Manuel Alegre polas políticas sociais e o Estado do Benestar, recollida nos carteis de campaña, non está a dar os froitos desexables. Dun lado, o electorado de centro déixase levar pola omnipresente mensaxe pro-austeridade, mellor representada por Cavaco. Doutro, o electorado da esquerda non parece disposto a votar nun candidato dun partido socialista que, desde o goberno, promove medidas contraditorias cos seus principios ideolóxicos tradicionais. Isto último a pesar das naturais distancias que en relación ao seu propio partido marca a súa sólida imaxe de crítico, e tamén a pesar do apoio do BE, que debería contribuír no mesmo sentido. A única esperanza para o candidato poeta reside nun voto oculto no seu favor que prefira disimular o apoio ao partido que está a sufrir o desgaste da xestión da crise.

Non obstante, nas últimas semanas, rexistráronse leves caídas de popularidade para Cavaco Silva, á vez que se manifestaron críticas na súa contra vertidas polo goberno de Sócrates e, particularmente, polo ministro de Defensa, **Santos Silva**, sobre un eventual intervencionismo de Cavaco Silva dentro do goberno socialista, no caso de ser reelixido como presidente.

As críticas intensificáronse unha vez Cavaco Silva afirmou que, de ser reelixido, dará paso a unha “maxistratura activa” para encamiñar a Portugal cara “un rumbo certo”, esgrimindo que a súa experiencia política e económica constitúen garantías válidas para superar a desconfianza nos mercados financeiros internacionais sobre a economía portuguesa. Por tanto, o eventual escenario de renovación da “cohabitación política”, cun segundo período presidencial de Cavaco Silva xunto ao goberno socialista, podería incrementar a tensión política baixo un crítico panorama económico.

Pola súa banda, o socialista Alegre tenta influír no debate político asegurando que as próximas eleccións presidenciais constitúen unha “*dura proba para a democracia portuguesa*”, en especial ante a perspectiva

de reelección de Cavaco Silva. Noutros temas, Alegre defende un gran debate nacional sobre o tema da “regionalización”, en especial ante o que considera os seus desaxustes territoriais e de desenvolvemento socioeconómico.

A marcada atomización política e electoral da esquerda portuguesa afecta as perspectivas electorais de Alegre. A esquerda portuguesa presenta catro das seis candidaturas: o propio Alegre, Lopes, Moura e Nobre. Igualmente, é notorio o distanciamento político entre Sócrates e Alegre, cuxa candidatura independente nas presidenciais de 2006 provocou fortes tensións internas dentro do PS. Por outro lado, Sócrates intensifica os contactos co actual presidente de cara a manter o consenso político ante a crise, o que dá a entender cales son as súas previsións de cara ao resultado.

Outro factor a considerar é o clima de escasa expectativa no electorado e na opinión pública portuguesa de cara ás eleccións presidenciais do próximo domingo 23 de xaneiro, e como isto influirá na abstención electoral, que se prevé elevada atendendo os temores manifestados polos respectivos candidatos.

Igualmente, cómpre observar como influirán estas eleccións presidenciais dentro do mapa político portugués, especialmente de cara á estabilidade do goberno socialista de Sócrates e ante a perspectiva da eventual renovación da “cohabitación” política con Cavaco Silva para o período 2011-2016, con eleccións lexislativas, de non se produciren adiantos, previstas para 2013.

Nas eleccións lexislativas de 2009, o Partido Socialista alcanzou unha maioría de 91 deputados dos 230 do Parlamento portugués, mentres o PSD mantén 81 escaños. Pola súa banda, a CDS-PP posúe 21 deputados e o Bloco de Esquerda, 16 escaños. A raíz da crise económica, a finais de 2010, goberno e oposición pactaron politicamente os Orzamentos 2011 a través dun drástico plan de axuste financeiro e económico.

c) O escándalo BPN

Tanto como a crise económica e a apatía social, a campaña electoral presidencial en Portugal está dominada polo escándalo do Banco Portugués de Negocios (BPN), que salpica directamente ao presidente Cavaco Silva. Este

escándalo remite a unha compra de accións por parte de Cavaco Silva ao BPN que, presuntamente, significou unha plusvalía de ganancias para o actual presidente, valoradas ata 147.500 euros (140%) entre 2001 e 2003.

A prensa portuguesa revelou a principios de 2011 como Cavaco Silva presuntamente se beneficiou de tratos favorables na compra destas accións do BPN por parte do seu entón presidente José Oliveira e Costa, quen foi secretario de Estado para Asuntos Fiscais entre 2006 e 2008, cando o BPN foi nacionalizado por presuntas irregularidades financeiras e risco de creba técnica, tras descubrirse un oco fiscal de 700 millóns de euros. Oliveira e Costa está actualmente en prisión.

Baixo un contexto de crise e precariedade económica, a oposición a Cavaco Silva monopoliza electoralmente o escándalo do BPN, provocando ao mesmo tempo certa inquietude no electorado “cavaquista”, incrementada ante

a intensificación das críticas e ataques, principalmente por parte dos candidatos Alegre e Moura. Ao mesmo tempo, as recentes e desconcertadas reaccións de Cavaco Silva ante estes ataques prexudicaron levemente a súa imaxe electoral.

O actual presidente portugués reforzou nos seus últimos actos electorais o perigo dunha crise política, lastrada polo agravamento das condicións económicas e unha posible ruptura do consenso social sobre o sistema político portugués. O candidato socialista Alegre, pola súa parte, reivindica a unión de forzas da esquerda portuguesa para “vencer” á dereita, a quen responsabiliza da actual crise económica e financeira do país.

d) A crise económica de 2011

O clima de desconfianza nos mercados financeiros internacionais e na Unión Europea de cara ao desempeño da economía portuguesa, fan temer un rescate financeiro por parte de Bruxelas e do Fondo Monetario Internacional (FMI).

Na primeira quincena de xaneiro de 2011, o Tesouro portugués colocou os seus primeiros bonos ante os mercados internacionais por valor de 1.250 millóns de euros, superando así a primeira “proba de fogo” sobre o estado económico do país.

De feito, China comeza a erixirse como o principal comprador de bonos da débeda pública portuguesa e un socio financeiro primordial para Lisboa. En decembro pasado, o presidente chinés **Hu Jintao** visitou este país, amosando o interese de Beijing por comprar débeda pública portuguesa. Posteriormente, o ministro portugués de Finanzas, **Teixeira dos Santos**, viaxou a China para solicitar axuda financeira e investimentos chineses.

A escasa confianza dos mercados internacionais cara Portugal opaca igualmente os anunciados logros do goberno Sócrates de redución do déficit público do 9 ao 7,3% do PIB e dun crecemento económico do 1,4% no 2010. Para 2011, estímase unha sensible diminución

do gasto social do goberno de Sócrates, un elemento que incrementará a presión política e social a través dos sindicatos, afondando a fenda política existente entre o PS cos outros partidos de esquerda, especialmente o Bloco de Esquerda (que paradoxalmente apoia a Alegre nas próximas presidenciais) ou o Partido Comunista Portugués.

Portugal precisa de 20.000 millóns de euros para facer fronte a responsabilidades de pago de débeda pública en 2011, o cal aumenta as previsións fatalistas por parte de analistas económicos e medios de comunicación dentro e fóra de Portugal. Diversos medios europeos especulan con que Alemaña e Francia presionarán o goberno de Sócrates para solicitar inmediatamente un plan de rescate financeiro á UE, seguindo o exemplo de Grecia e Irlanda en 2010, en caso de que Portugal volte a ter problemas para conseguir financiamento exterior.

No caso da relación entre Galicia e Portugal neste contexto de crise económica e eleccións presidenciais en Lisboa, o panorama loce complicado por causa da difícil situación económica e os recortes orzamentarios do goberno de Sócrates en materia de obras públicas, en especial para cumprir os prazos de finalización do AVE Vigo-Porto, agora prorrogado ata o 2015.

IGADI. 19 de xaneiro de 2011